


LE JAPON ARTISTIQUE



Le Japon Artistique (París) é unha publicación de excepcional interese, na que a arte xaponesa, que influíu directamente no desenvolvemento do impresionismo e fundamentalmente o postimpresionismo, é recollida de forma exhaustiva por primeira vez en Europa: "en 1888, o coleccionista e marchante Siegfried Bing (1838-1905) creou *Le Japon Artistique*, unha suntuosa revista que se publicaba mensualmente en francés, inglés e alemán. O seu obxectivo era dar a coñecer a arte xaponesa e favorecer o coleccionismo. A través dela a técnica de cores planas e o trazo decorativo das estampas xaponesas difundíuse, converténdose nunha importante influencia para os artistas europeos" (*Los orígenes de l'art nouveau: el imperio de Bing*, 2004).

Esta revista serviu de inspiración a artistas como Monet ou Van Gogh. Por primeira vez, a linguaxe visual dos artistas xaponeses estaba ao alcance dos creadores occidentais. Isto explica que a colección de Van Gogh no Museo de Ámsterdam sexa unha das que conta con todos os números, conservando as cubertas orixinais de gran valor artístico, do mesmo xeito que a do Museo de Pontevedra.

Algunhas destas cubertas do Museo Van Gogh formaron parte da exposición 'L'Art Nouveau: A Maison Bing' celebrada en distintas cidades europeas entre os anos 2004 e 2006, e que tivo como eixo temático os inicios do movemento artístico art nouveau e o seu desenvolvemento a principios do século XX.



LE JAPON ARTISTIQUE



A través de [ATOPO, Catálogo documental e bibliográfico](#) poderedes achegarvos e descubrir o valor e a beleza de publicacións como *Le Japon artistique* ([registro bibliográfico e dixitalización](#)); para tamén navegar a través dos máis de 1.303.285 rexistros dispoñibles e 495.460 obxectos dixitais, que este portal web pon á vosa disposición.

Le Japon Artistique forma parte da biblioteca persoal de Casto Sampedro y Mon, e constitúe unicamente unha mostra, relevante iso si, do gran valor artístico desta biblioteca, onde ás obras ilustradas de gran calidade, con láminas, gravados etc, súmase a beleza das súas encadernacións, e na que a temática artística está presente dunha forma ou outra nos seus aproximadamente 1.400 volumes. Falamos de obras sobre artistas como Goya, de catálogos de coleccións, de firmas e de marcas, de obras de estética, de arquitectura, de numismática, de monumentos, de investigacións musicais, de historia da arte, de guías como as do Museo do Prado...

